

ascenderan automaticamente a peons especialistas.

ANEXO I
Retribucións

Categoría	Euros
-Persoal técnico e administrativo	
Xefe de servizo	1.033
Oficial 2ª administrativo	862
Auxiliar administrativo	629
Lector	592
-Persoal operario	
Oficial 1ª operario	874
Oficial 2ª operario	854
Oficial 3ª operario	674
Peón especialista	590
Peón	584

ANEXO II
Antigüidade euros/mes

Categoría	1 bienio	2 bienios	2 b. e 1 q.	2 b. e 2 q.	2 b. e 3 q.	2 b. e 4 q.
Todas	10,22 €	20,44 €	45,68 €	72,12 €	96,16 €	120,20 €

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 6 de setembro de 2002 pola que se resolve concurso público de méritos para cubrir determinados postos en réxime de comisión de servizos por funcionarios docentes de ensinanza non universitaria.

A Orde do 13 de maio de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 31 de maio) convocaba concurso público de méritos para cubrir determinados postos en réxime de comisión de servizos por funcionarios docentes de ensino non universitario.

Unha vez cumpridos os requisitos legais e transcorridos os prazos establecidos pola resolución provisional e pola resolución definitiva, e logo de ter superado positivamente os aspirantes o curso selectivo de formación de acordo coa proposta efectuada pola Comisión de Selección prevista no artigo 10 da citada orde, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Nomear, en réxime de comisión de servizos, para cubri-las prazas indicadas, os profesores

que se relacionan no anexo, onde tamén se especifican as prazas que non se cubriron polos aspirantes e que, polo tanto, quedan vacantes.

Segundo.-Esta comisión de servizos terá unha duración segundo o período que se especifica no artigo 11.2º da orde de convocatoria.

Terceiro.-Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da

Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cuarto.-Os funcionarios ou funcionarias seleccionados pola presente orde quedarán adscritos ós postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2002.

A presente orde entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2002.

Celso Currás Fernández
Conse lleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Denominación das prazas e relación das vacantes

Denominación das prazas		Nº de prazas	Concursantes seleccionados
Desenvolvemento curricular de ciclos formativos e de programas de garantía social	Actividades físicas e deportivas; comunicación, imaxe e son; servizos socioculturais e á comunidade	1	
	Hostalería e turismo; actividades agrarias; industrias alimentarias; imaxe persoal; química; sanidade; vidro e cerámica	1	
	Edificación e obra civil; madeira e moble	1	
	Actividades marítimo-pesqueiras; fabricación mecánica; mantemento de vehículos autopropulsados; mantemento e servizos á produción; electricidade e electrónica	1	
Análise e deseño curricular		1	Vázquez Froján, Mª Dolores
Programas educativos europeos		1	Ariño Roure, Álvaro

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Orde do 29 de xullo de 2002 pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde da categoría de persoal de servizos xerais.

Advertidos erros no texto da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 168, do 2 de setembro de 2002, cómpre efectualas oportunas correccións, sen alteralo prazo de presentación de instancias:

Na páxina 13.133, no anexo I, epígrafe III, suprimese o primeiro parágrafo, quedando redactado da forma que a continuación se indica:

«Programas informáticos máis comúns: Windows 2000. Procesador de textos: Microsoft Word 2000. Folla de cálculo: Microsoft Excel 2000».

Corrección de erros.-Orde do 29 de xullo de 2002 pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde da categoría de grupo auxiliar da función administrativa.

Advertidos erros no texto da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 168, do 2 de setembro de 2002, cómpre efectualas oportunas correccións, sen alteralo prazo de presentación de instancias:

Na páxina 13.097, no anexo I, suprimese o epígrafe III, quedando redactado da forma que a continuación se indica:

«Funcións do grupo auxiliar. Programas informáticos máis comúns: Windows 2000. Procesador de textos: Microsoft Word 2000. Folla de cálculo: Microsoft Excel 2000».